

Luns, 31 de xullo de 2023

Núm. 146

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTAS

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1

ANUNCIO

APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1. Exp. 474/2023.

Con data 13/07/2023 se ditou resolución nº 250 da Alcaldía do Concello de Portas que, entre outros aspectos, recolle:

"... Considerando a existencia de praza vacante de administrativo (posto 01 01 00 02), por xubilación, con dotación orzamentaria, e considerando axeitada a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo nas circunstancias a que se refire o art. 10 do TRLEBEP, que permita dar resposta áxil e rápida ás necesidades de cobertura urxente, inaplazable e prioritaria, como acontece no suposto da praza referenciada posto 01 01 00 02, por afectar ao funcionamento de servizos administrativos do concello que acusan situacións de déficit de efectivos e consecuente minoración dos estándares dos servizos.

Por todo o anteriormente exposto, en exercicio das competencias que me confire a normativa vixente, RESOLVO,

Primeiro: Aprobar a convocatoria e as BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1", ...

Segundo: Publicar anuncio da aprobación da convocatoria e das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<http://portas.sedelectronica.gal>).

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte



Luns, 31 de xullo de 2023

Núm. 146

ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, enténdendose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.”

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O sistema de selección é de concurso-oposición.

As características e bases íntegras se atopan publicadas e a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Portas <http://portas.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello <https://www.portas.gal>

O Alcalde,

Ricardo Martínez Chantada

